



SI

A INCORPORACIÓN DAS MULLERES TECNÓLOGAS AO MERCADO LABORAL EN GALICIA

As mulleres na Sociedade da Información

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2013

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –
Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

A incorporación das mulleres tecnólogas ao mercado laboral en Galicia:

As mulleres na Sociedade da Información

2013

CADERNOS UNIDADE MULLER E CIENCIA

Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia

Santiago de Compostela

2013



INDICE

	Páxina
PRÓLOGO	2
INTRODUCCIÓN	4
1. A FENDA DE XÉNERO NO USO DAS TIC	13
1.1 A fenda dixital de xénero	14
1.2 Uso do ordenador	17
1.3 Uso de Internet	19
1.4 Uso do comercio electrónico	21
1.5 Uso da telefonía móbil	23
2. AS MULLERES NAS EMPRESAS DE GALICIA	25
2.1 Estrutura do persoal	26
2.2 Funcións na empresa	27
2.3 Formación das traballadoras	30
2.4 Persoal TIC	31
3. AS MULLERES NAS EMPRESAS DO SECTOR TIC	33
3.1 Estrutura do persoal	34
3.2 Funcións na empresa	35
3.3 Formación das traballadoras	36
3.4 As mulleres na I+D+i	40
PROPOSTAS DE ACTUACIÓN	42
BIBLIOGRAFÍA	44
INDICE DE FIGURAS	47



As mulleres desenvolveron historicamente un rol fundamental na superación das dificultades económicas e sociais. Os episodios nos que a nosa sociedade tivo que afrontar profundas recesións en séculos pasados foron superadas grazas á unión de esforzos entre homes e mulleres, nun camiño difícil, que permitiu salvar obstáculos e desigualdades de xénero que estaban a perpetuarse no tempo.

O traballo, o compromiso e a responsabilidade das mulleres en diferentes ámbitos profesionais facilitou o cambio social e abriu definitivamente as portas das disciplinas científicas e tecnolóxicas ao colectivo feminino. Un dos principais avances está relacionado coa súa especialización nas ensinanzas técnicas e as competencias dixitais, de cara á incorporación da mocidade ao mercado laboral e ao tecido produtivo asociado ás tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), como elemento estratéxico para reducir a taxa de paro xuvenil.

A participación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) na Unidade de Muller e Ciencia de Galicia contribúe dun xeito positivo nas políticas de igualdade relacionadas coa inclusión dixital e a redución da fenda de xénero. As iniciativas de e-igualdade desenvolvidas no marco da Axenda Dixital 2014.gal apostan pola participación das mulleres na Sociedade da Información, para contribuír ao crecemento intelixente e sustentable. Un dos mellores exemplos atopámolo na Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (CeMIT), impulsada pola Xunta de Galicia en colaboración cos concellos galegos, para promover e potenciar o uso das TIC, con especial atención ao colectivo feminino e ás áreas rurais con maior dispersión e avellentamento demográfico. Este foi o caso do proxecto “*Tomando as rendas*” que ofrece formación e solucións de autoemprego e emprendemento ás mulleres de entre 20 e 50 anos nos concellos ou a iniciativa “*Miradas de muller*”, co obxectivo de ofrecer formación e solucións de autoemprego para mulleres desempregadas do rural e aquelas procedentes de barrios obreiros ou periféricos das cidades con dificultades de desenvolvemento

profesional, para a súa incorporación no mundo empresarial utilizando servizos dixitais no campo da fotografía.

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) realiza un seguimento continuo dos indicadores de penetración das TIC atendendo á perspectiva de xénero, presentando os datos máis actualizados sobre a presenza das mulleres no sector empresarial TIC e as súas funcións no cadro de persoal das empresas en Galicia, coa finalidade de impulsar liñas de actuación encamiñadas a reducir a fenda de xénero e lograr a igualdade social en todos os ámbitos académicos e profesionais.

Con este obxectivo, presentamos en **formato dixital** este novo caderno da Unidade de Muller e Ciencia centrado na incorporación das mulleres tecnólogas ao mercado laboral neste ano 2012, no que a comunidade internacional defende un maior protagonismo das mulleres e das nenas nas TIC, como así quedou de manifesto o 17 de maio no Día Mundial das Telecomunicacións e a Sociedade da Información.



INTRODUCCIÓN

A Unión Europea sitúase nun momento crucial durante os primeiros pasos deste século XXI, onde está en xogo o seu futuro como elemento institucional de cohesión social. Na procura de reducir as desigualdades e fomentar o crecemento intelixente, sustentable e inclusivo, conforme establece a Estratexia EU2020¹ desenvolvida para esta década de 2010, a Comisión Europea identificou as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (en diante, TIC) como elemento estratéxico para o crecemento de cara ao ano 2020. Este feito motivou a posta en marcha da Axenda Dixital para Europa², que inclúe unha liña de actuación (Acción 60) para incrementar a participación das mulleres no uso das TIC e nas políticas de crecemento intelixente “*Women for Smart Growth*”, recoñecidas na Primeira Asemblea da Axenda Dixital celebrada en xuño de 2011 como dinamizadoras do progreso económico e social³.

Con esta iniciativa, a Axenda Dixital para Europa apostou por mellorar a posición das mulleres no coñecemento das TIC, na procura de acadar unha maior integración do colectivo feminino na Sociedade da Información, así como a súa inclusión no mercado laboral e nas empresas TIC. Isto é debido á **limitada presenza feminina na formación TIC e na profesionalización das mulleres no sector, especialmente nas áreas de responsabilidade e toma de decisións**. Así mesmo, o número de mulleres estudando nas ensinanzas técnicas relacionadas coas TIC é moi inferior ao dos homes, o que condiciona a incorporación das mozas tecnólogas ao mercado laboral. Este problema foi identificado tamén por outras institucións, como é o caso do European Centre for Women and Technology (ECWT)⁴ e a United

¹ Europe 2020S

² Digital Agenda for Europe 2010 - 2020

³ Digital Agenda Assembly: Women for smart growth (2011)

⁴ www.womenandtechnology.eu

Nations Entity for Gender Equality and the Empowerment of Women (UN WOMEN)⁵ da ONU, que defenden a necesidade de incrementar o liderado e a participación das mulleres nos diferentes ámbitos da sociedade, especialmente no coñecemento, uso e comercialización da tecnoloxía.

O informe “*Women in ICT: Status and the way ahead*”⁶ elaborado pola Comisión Europea no ano 2008 tamén apuntaba a existencia de desigualdades de xénero en dous ámbitos onde consideran que a muller está infrarepresentada:

1. **No ámbito educativo**, que condiciona a formación de profesionais especializadas en disciplinas relacionadas coas TIC e a I+D+i.

2. **No ámbito profesional e nas empresas do sector TIC**, onde as mulleres atopan un “*teito de cristal*” que limita a súa presenza en postos directivos, áreas de responsabilidade e toma de decisións.

A Organisation for Economic Co-operation and Development (OECD) publicaba nese mesmo ano 2008 o informe “*Gender and Sustainable Development*” que tamén apuntaba nesta dirección, na procura de mellorar o rol das mulleres no desenvolvemento económico, social e ambiental⁷.

Os principais indicadores nos que Comisión Europea apoia as súas afirmacións sobre a fenda de xénero entre homes e mulleres están relacionados co uso de Internet, o nivel de formación académica nas ensinanzas técnicas, a I+D+i e a proporcionalidade nos postos directivos das empresas (managers), especialmente no sector TIC. Serán, polo tanto, estes indicadores os utilizados para avaliar a situación das mulleres galegas na Sociedade da Información, achegando datos

⁵ www.unwomen.org

⁶ *Women in ICT (2008)*

⁷ OECD: *Gender and Sustainable Development (2008)*, como continuidade do estudo *ICTs and Gender: Working Party on the Information Economy (2007)*

concretos para Galicia elaborados polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)⁸ dependente a AMTEGA⁹.

A nivel estatal, o Observatorio e-Igualdad¹⁰ realiza un traballo fundamental na análise da fenda dixital de xénero e desenvolve aquelas iniciativas encamiñadas a cumprir os obxectivos establecidos na *Ley Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva das mulleres e homes*¹¹, que no seu artigo 28 recolle de forma específica que o Goberno promoverá “a plena incorporación das mulleres na Sociedade da Información”. A partir do seu articulado, púxose en marcha o Plan de Acción para a igualdade entre mulleres e homes na Sociedade da Información 2009 – 2011, coa finalidade de potenciar o acceso das mulleres á Sociedade da Información¹², mellorar e ampliar o uso das TIC por parte das mulleres, desenvolver contidos na Sociedade da Información que promovan a igualdade de xénero e aumentar o protagonismo das mulleres no sector TIC, entre outros aspectos relacionados coa integración das TIC nas políticas de igualdade. Como así recolleron diferentes informes elaborados polo Observatorio e-Igualdade nos últimos catro anos¹³.

Con este mesmo obxectivo social, elaborouse en Galicia a **Axenda Dixital de Galicia 2014.gal**¹⁴ desenvolvida pola AMTEGA, que fomenta a igualdade de oportunidades e a inclusión no acceso ás TIC, na procura de reducir a fenda de xénero en todos os ámbitos da vida laboral e familiar das mulleres galegas. Entre as iniciativas recollidas na Axenda Dixital destaca o programa de e-Igualdade,

⁸ www.osimga.org

⁹ imit.xunta.es

¹⁰ www.e-igualdad.net

¹¹ *Ley Orgánica 3/2007*

¹² *Plan de Acción 2009 - 2011*

¹³ OBSERVATORIO E-IGUALDAD: *Las generaciones tecnológicas en la segunda brecha digital (2009)*, *La brecha digital de género en la juventud española (2010)*, *La inclusión digital de hombres y mujeres en España (2010)*, *Brecha digital de Género en España (2011)*.

¹⁴ [Axenda Dixital 2014.gal](http://AxendaDixital2014.gal)

estruturado en tres piares: a modernización de sistemas, os plans de formación en igualdade e os servizos de información á muller para erradicar a violencia de xénero.

Neste ámbito as políticas relacionadas coa promoción da igualdade, a prevención da violencia de xénero e o apoio ás vítimas tiveron nas TIC unha ferramenta fundamental no seu desenvolvemento e difusión. Entre outras iniciativas destaca a posta en marcha do proxecto transfronteirizo de Centros de dinamización integral para as mulleres na Eurorrexión Galicia Norte de Portugal (CEDIM)¹⁵ para a promoción da igualdade. Un proxecto que creará unha rede de centros de información ás mulleres e unha plataforma web para promover a incorporación laboral das mulleres a través de mecanismos que faciliten o teletraballo e a optimización das oportunidades existentes no mercado laboral entre Galicia e o norte de Portugal no marco do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España – Portugal 2007/2013. Este proxecto coordinado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, complementouse coa realización de estudos de xénero realizados pola Unidade de Muller e Ciencia sobre a situación das mulleres no sistema educativo e na I+D+i en Galicia¹⁶.

Estes documentos motivaron a realización deste novo caderno centrado na situación das mulleres na Sociedade da Información, que nace a partir das reflexións realizadas no marco da xornada “*Construíndo un sector TIC en igualdade*” organizada pola AMTEGA no pasado ano 2011, que tiña como obxectivo sensibilizar as empresas na promoción da igualdade de oportunidades, impulsar o perfil profesional das mulleres galegas no sector TIC e analizar os factores e as barreiras que dificultan a presenza de mulleres en profesións relacionadas coas TIC no marco da Axenda Dixital 2014.gal. Con este mesmo obxectivo, afróntase agora unha nova etapa neste ano 2012 no que xustamente o Día de Internet¹⁷, celebrado o 17 de maio, centrouse no **impulso das mulleres no sector TIC e o fomento do uso da**

¹⁵ www.redcedim.eu

¹⁶ unidadedamullereciencia.xunta.es

¹⁷ [Día Mundial de las Telecomunicaciones y Sociedad de la Información 2012](#)

tecnoloxía entre as nenas, facéndose un chamamento a que os gobernos promovan políticas de fomento e participación das mulleres nos estudos e as carreiras profesionais TIC. Isto demostra o carácter global desta problemática e a necesidade de realizar un esforzo transversal a todos os niveis para lograr a igualdade de xénero.

1. ÁMBITO DE ESTUDO

O principal obxectivo deste novo caderno é avaliar a situación das mulleres galegas na Sociedade da Información, tanto no referido ao uso de Internet, como na formación, a investigación e as empresas do sector TIC en Galicia. O contexto global das desigualdades de xénero esixe realizar unha valoración territorial máis ampla deste indicador, pero a ausencia de datos desagregados por Comunidades Autónomas por parte dos organismos internacionais consultados dificulta esta tarefa, que unicamente pode identificarse nos informes de carácter estatal ou nos realizados en Galicia, como é o caso dos elaborados polo OSIMGA. Polo tanto, será a través deste Observatorio de carácter autonómico onde conseguiremos obter os datos de interese máis actualizados para mostrar a existencia dunha fenda dixital de xénero no coñecemento e uso das TIC.

O contexto global móstranos a existencia dunha fenda dixital en todos os indicadores analizados pola Comisión Europea, que identificaba no 2008 diferenzas no uso de Internet condicionadas polo xénero e a idade dos usuarios nos 27 Estados membros da Unión Europea¹⁸. Así mesmo, tamén atopaban diferenzas no ámbito educativo, na investigación e nas actitudes dos mozos e mozas europeos de cara ao uso das TIC, tanto nos seus fogares, como nos centros de estudo ou ocio. A formación en ensinanzas técnicas relacionadas coas TIC no ámbito universitario estaba intensamente masculinizada, mentres que se identificaba unha tendencia

¹⁸ COMISIÓN EUROPEA: [Women in ICT \(2008\)](#)

contraria nas disciplinas de humanidades e artes, educación e a saúde onde o colectivo feminino era maioritario. No ámbito profesional esta tendencia condicionou de forma importante o futuro laboral das mulleres, que estiveron infrarepresentadas nas especialidades técnicas e tamén nos postos de dirección das empresas do sector TIC. Deste xeito, todos os indicadores amosaban a necesidade acometer un Plan de Acción de xénero nas políticas europeas relacionadas coa Sociedade da Información, como así o reclamou o ECWT no informe *“Women for Smart Growth”* de 2011.

En España, o Observatorio e-Igualdad reproducía esta reclamación cunha análise sobre a incorporación efectiva das mulleres a Internet¹⁹ e a existencia dunha segunda fenda dixital²⁰. No ano 2011 o Observatorio publicaba un novo informe específico sobre esta cuestión, destacando as diferenzas de xénero no uso da telefonía móbil, o ordenador e Internet entre homes e mulleres. Todos os indicadores amosan desigualdades de xénero a nivel europeo, estatal e autonómico. A incorporación de datos autonómicos permite, xunto cos achegados polo INE, realizar unha diagnose actualizada con microdatos e construír unidades de análise específicas para Galicia, que complementan os estudos realizados polo OSIMGA.

O seguimento dos indicadores da fenda de xénero en Galicia realízase en diferentes ámbitos no marco da Axenda Dixital 2014.gal. Os informes elaborados polo OSIMGA sobre equipamento TIC e uso dos servizos da Sociedade da Información nos fogares galegos mostran desigualdades de xénero no uso do ordenador, Internet, o comercio electrónico e a telefonía móbil, utilizados maioritariamente por homes²¹. Na análise dos datos sobre o uso das TIC e do comercio electrónico no sector empresarial recoñécese a infrarepresentación

¹⁹ OBSERVATORIO E-IGUALDAD (2009): Las generaciones tecnológicas en la segunda brecha digital: Un análisis de la incidencia sobre la incorporación efectiva de las mujeres a Internet. Universidad Complutense de Madrid.

²⁰ CASTAÑO, Cecilia (2008). La segunda brecha digital. Ediciones Cátedra, Madrid.

²¹ OSIMGA (2012): [A Sociedade da Información na poboación de Galicia](#). AMTEGA. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

feminina no cadro de persoal²², agás nas funcións administrativas, e tamén pón de manifesto a limitada presenza de mulleres nos postos directivos das empresas e, nomeadamente, nas empresas do sector TIC en Galicia²³.

2. ESQUEMA DE TRABAJO E MÉTODO

Este primeiro monográfico sobre a presenza das mulleres na Sociedade da Información en Galicia require dunha ampla revisión documental nos ámbitos europeo, estatal e autonómico. A publicación doutros estudos e informes referidos a esta temática por parte de institucións ou organismos a diferentes escalas territoriais permitiu avanzar neste obxectivo, coa finalidade de dispor dunha radiografía o máis ampla posible sobre as desigualdades de xénero no uso das TIC, así como das propostas ou iniciativas desenvolvidas dende os diferentes ámbitos para reducir a fenda dixital e promover a formación de mulleres tecnólogas, especialmente na mocidade, de cara á súa futura incorporación ao mercado laboral.

A información contida nas táboas e gráficas deste documento foi elaborada polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) coa información máis actualizada, a partir de datos propios e tamén doutras fontes como a Comisión Europea - Eurostat, INE e o Observatorio E-Igualdad, entre outros, que achegan información de interese para realizar unha aproximación fiable á situación actual das mulleres galegas na Sociedade da Información. Na medida do posible seguíronse as indicacións recollidas no *Methodological Manual for statistics on the Information Society (2008)*, que se aplica á *Community survey on ICT usage in households and by individuals* de Eurostat²⁴. Os indicadores analizados para a avaliar a fenda de xénero no uso das TIC corresponden aos últimos tres meses do

²² OSIMGA (2012): [A Sociedade da Información nas empresas de Galicia](#). AMTEGA. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

²³ OSIMGA (2012): [A Sociedade da Información nas empresas TIC de Galicia](#). AMTEGA. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

²⁴ EUROSTAT: [Community survey on ICT usage in households and by individuals \(2008\)](#).

primeiro semestre de 2012. No primeiro punto deste documento achéganse, polo tanto, os datos de xénero máis actualizados a día de hoxe correspondentes á porcentaxe de uso do ordenador, Internet, o comercio electrónico e a telefonía móbil nos fogares de Galicia e no conxunto do Estado achegados polo INE. Para cada indicador realizárase unha análise comparativa con anos anteriores a nivel autonómico. Os tramos de idade utilizados abranguen dos 16 aos 74 anos, cun grupo inicial correspondente á mocidade de entre 16 e 24 anos seguidos de grupos cada dez anos. Isto é: dos 25 aos 34 anos, 35 - 44 anos, 45 - 54 anos, 55 -64 anos e 65 – 74 anos. O cálculo da fenda de xénero para todos os indicadores presentarase en puntos porcentuais, como resultado da diferenza na porcentaxe entre homes e mulleres no uso da tecnoloxía ou da súa presenza nas empresas. Cómpre destacar que outros estudos consultados utilizan outro método para calcular a fenda en termos relativos (Pose, 2012), que consiste en dividir o valor correspondente ás mulleres e o valor correspondente aos homes, menos un.

No segundo punto móstrase a representatividade das mulleres no cadro de persoal das empresas de Galicia, segundo o nivel de estudos e as funcións que realiza no seu posto de traballo. Os datos utilizados corresponden á enquisa realizada polo OSIMGA no ano 2012, así como a súa comparativa a nivel autonómico cos datos correspondentes á enquisa realizada no ano 2010. Identifícanse dous grupos de empresas segundo o seu volume de traballadores/as, tanto empresas de 10 ou máis traballadores/as como as microempresas de 0 a 9 traballadores/as, coa finalidade de avaliar a representatividade do colectivo feminino nas dúas tipoloxías de empresas.

O terceiro e último punto analiza os mesmos indicadores nas empresas do sector TIC galego, por ser un sector estratéxico no desenvolvemento económico de Galicia e polo efecto dinamizador TIC que exerce noutras actividades empresariais. A formación TIC a todos os niveis educativos constitúe un elemento fundamental de cara a facilitar a incorporación da mocidade ao mercado laboral e a redución da taxa

de paro xuvenil en Europa, tal e como defende a Comisión Europea²⁵. A formación de mulleres tecnólogas nas ensinanzas técnicas universitarias condiciona dun xeito importante a súa presenza ou representatividade nas empresas do sector TIC e nas áreas de I+D+i, nas que existe unha evidente masculinización a día de hoxe. A análise comparativa dos principais indicadores dende o ano 2010 permitirá ver a evolución das desigualdades de xénero e a representatividade actual das mulleres nos postos directivos das empresas do sector TIC na actualidade.

Finalmente, achegaranse diferentes propostas de actuación na procura de fomentar a participación diversificada e non estereotipada de mulleres e homes na Sociedade da Información, en consonancia coas políticas de igualdade desenvolvidas pola Xunta de Galicia.

²⁵ COMISIÓN EUROPEA [Developing Key Competences at School in Europe \(2012\)](#). Neste mesmo ámbito, a USC e o CESGA puxeron en marcha o proxecto europeo [ICT-Go-Girls](#) en novembro de 2012. O principal obxectivo deste proxecto financiado pola Comisión Europea é potenciar o coñecemento, as habilidades e os valores relacionados coas TIC por parte das mulleres no ensino secundario, como elemento estratéxico para a incorporación de futuras tecnólogas ao mercado laboral nas administracións, as empresas ou a investigación.



1. A FENDA DE XÉNERO NO USO DAS TIC

- Os principais indicadores da Sociedade da Información amosan un desequilibrio entre mulleres e homes no uso das TIC, agás no grupo de idades comprendidas entre os 35 e 44 anos, nas que o uso de ordenador e internet por parte das mulleres é superior aos homes.
- Xénero e a idade son factores que condicionan o uso do ordenador, de Internet, do comercio electrónico e da telefonía móbil.
- Nos últimos catro anos todos os indicadores mostran un crecemento progresivo no uso das TIC en ambos sexos.
- A fenda de xénero no uso de Internet reduciuse á metade dende o ano 2011.

Este primeiro punto permite contextualizar a situación actual no uso de Internet e das TIC por parte do colectivo feminino. De seguido presentaranse os principais indicadores de xénero en Galicia elaborados polo OSIMGA, correspondentes ás desigualdades no uso do ordenador, de Internet, do comercio electrónico e da telefonía móbil por parte das mulleres e dos homes.

1.1 A fenda dixital de xénero

A Unión Europea presentaba no ano 2010 unha fenda dixital de xénero na practica totalidade dos seus Estados membros, máis acentuada nos países do sur, próximos ao Mediterráneo, entre os cales se atopa España. Un 66% nas mulleres e o 72% dos homes fixeran uso de Internet nos últimos tres meses segundo fontes estatais do Observatorio e-Igualdade, o que se traducía nunha fenda media de 6 puntos porcentuais no conxunto europeo. En España esta porcentaxe de uso situábase por debaixo, co 61% e o 67% respectivamente, cun desequilibrio importante entre as diferentes Comunidades Autónomas pero unha fenda situada nas mesmas cotas. En termos xerais, o xénero e a idade condicionan dun xeito importante todos os indicadores TIC, como así quedou de manifesto nos estudos elaborados polo Insituto Nacional de Estadística (INE)²⁶.

Os datos facilitados polo INE correspondente ao ano 2012 mostran a existencia dunha **fenda dixital de xénero no uso das TIC** tanto a nivel estatal como autonómico. O colectivo feminino representa unha menor porcentaxe en todos os indicadores TIC. O uso do teléfono móbil é moi semellante entre homes e mulleres no conxunto do Estado, pero os demais indicadores amosan unha fenda de entre 5 e 6 puntos porcentuais a nivel estatal.

²⁶ INE (2012): *Mujeres y Hombres en España*.

INDICADOR	2012		Fenda (puntos)
	Mulleres (%)	Homes (%)	
Uso do ordenador	69,7	74,6	4,9
Uso de Internet	67,2	72,4	5,2
Uso do comercio electrónico	19,4	25,2	5,8
Uso da telefonía móbil	94	94,7	0,7

Cadro 1: Indicadores da fenda dixital de xénero en España.

Fonte: Elaboración propia do OSIMGA a partir dos datos INE 2012.

En Galicia a fenda de xénero no uso do comercio electrónico é de 11,2 puntos porcentuais. As mulleres galegas utilizan o ordenador, Internet e o teléfono móbil con menor frecuencia que os homes, agás no grupo de idades comprendidas entre os 35 e 44 anos, nas que o uso de ordenador e internet por parte das mulleres é superior aos homes. A fenda dixital de xénero na utilización de Internet sitúase nos 6,8 puntos (60,1% das mulleres e o 66,9 dos homes). Neste senso, aumenta o uso de Internet en relación ao ano 2010, pero tamén incrementa a fenda de xénero. O uso do ordenador é o indicador no que a fenda é máis baixa (6,1 puntos).

INDICADOR	2012		Fenda (puntos)
	Mulleres (%)	Homes (%)	
Uso do ordenador	63,1	69,2	6,1
Uso de Internet	60,1	66,9	6,8
Uso do comercio electrónico	15,9	27,1	11,2
Uso da telefonía móbil	89,1	95,3	6,2

Cadro 2: Indicadores da fenda dixital de xénero en Galicia.

Fonte: Elaboración propia do OSIMGA a partir dos datos INE 2012.

En Galicia a fenda dixital de xénero en relación ao conxunto do Estado é maior en todos os indicadores analizados, especialmente no uso do comercio electrónico e da telefonía móbil. Este feito está condicionado pola idade e o avellentamento demográfico. As desigualdades entre homes e mulleres no uso do ordenador e de Internet confirman un maior uso da tecnoloxía por parte dos homes.




Gráfico 1: A fenda dixital de xénero en Galicia e España (puntos)
Fonte: Elaboración propia do OSIMGA a partir dos datos INE 2012.

1.2 Uso do ordenador

En Galicia un 63,1% das mulleres utilizaron o ordenador nos últimos tres meses fronte ao 69,2% dos homes, o que supón unha diferenza de 6 puntos entre os dous sexos. O uso do ordenador por parte das mulleres é superior ao dos homes no tramo de idades de 35 a 44 anos. Neste indicador a fenda dixital é menor na xente nova e incrementábase a partir dos 45 anos de idade. A totalidade dos homes entre 16 e 24 anos afirma que utilizou o ordenador nos últimos tres meses, fronte ao 96,8% das mulleres.




Gráfico 2: Indicador da fenda dixital de xénero no uso do ordenador en Galicia nos últimos tres meses por idades.

Fonte: Elaboración propia do OSIMGA a partir dos datos INE 2012.

Se analizamos a evolución deste indicador dende o ano 2010 observamos que o uso do ordenador incrementábase en ambos sexos, manténdose unha diferenza porcentual que semella reducirse na actualidade (6,1 puntos), pois no ano 2010 superaba os 7 puntos. O uso do ordenador por parte das mulleres incrementouse preto de 9 puntos porcentuais dende o ano 2010.




Gráfico 3: Evolución do indicador sobre uso do ordenador en Galicia.
Fonte: Elaboración propia do OSIMGA a partir dos datos INE 2012.

1.3 Uso de Internet

En Galicia un 60,1% das mulleres utilizaron Internet nos últimos tres meses fronte ao 66,9% dos homes, o que supón unha diferenza de 6,8 puntos entre os dous sexos. O uso do Internet por parte das mulleres é superior ao dos homes nas idades comprendidas entre os 16 e os 24 anos (96,8%), así como naquelas que teñen entre 35 e 44 anos (89,1%). Do mesmo xeito que acontece co uso do ordenador, a fenda dixital é menor na xente nova e incrementáase a partir dos 45 anos de idade, o que demostra o incremento das mulleres usuarias de Internet na mocidade.




Gráfico 4: Indicador da fenda dixital de xénero no uso de Internet en Galicia nos últimos tres meses por idades.

Fonte: Elaboración propia do OSIMGA a partir dos datos INE 2012.

A porcentaxe de mulleres usuarias de Internet supera o 60% por primeira vez nos últimos catro anos, cunha fenda de 6,8 puntos. A evolución deste indicador dende o 2010 mostra un aumento de máis de 10 puntos na porcentaxe de usuarias en relación ao 2012. A fenda de xénero redúcese á metade dende o ano 2011 (dos 13,2 puntos porcentuais ao 6,8).




Gráfico 5: Evolución do indicador sobre uso de Internet en Galicia.
Fonte: Elaboración propia do OSIMGA a partir dos datos INE 2012.

1.4 Uso do comercio electrónico

A fenda de xénero no uso do comercio electrónico en Galicia sitúase nos 11,2 puntos. Neste indicador a porcentaxe de homes usuarios case duplica ao das mulleres, pois a porcentaxe de homes sitúase preto do 30% e o das mulleres límitase a pouco máis dun 15%. En todos os tramos de idade a porcentaxe de homes que realizan compras por Internet é superior ao das mulleres. Como acontece nos demais indicadores o seu uso é proporcional á idade, cunha maior utilidade por parte da mocidade e un menor uso por parte dos maiores de 45 anos.




Gráfico 6: Indicador da fenda dixital de xénero no uso do comercio electrónico en Galicia nos últimos tres meses por idades.

Fonte: Elaboración propia do OSIMGA a partir dos datos INE 2012.

A evolución deste indicador mostra unha tendencia crecente ao uso do comercio electrónico tanto en homes como en mulleres, cun crecemento de 5 puntos nas mulleres e 10,6 puntos nos homes en relación ao 2010. Este incremento é maior no caso dos homes, o que acentúa no ano 2012 a fenda de xénero nas compras a través de Internet, que acada os 11,2 puntos.




Gráfico 7: Evolución do indicador sobre uso do comercio electrónico en Galicia.
Fonte: Elaboración propia do OSIMGA a partir dos datos INE 2012.

1.5 Uso da telefonía móbil

A totalidade das persoas enquisadas con idades comprendidas entre os 16 e os 34 anos utilizaron o teléfono móbil nos últimos tres meses. En Galicia, o nivel de penetración da telefonía móbil acada ao 100% da mocidade e decrece a partir do 45 anos á vez que aumenta a fenda de xénero nos tramos de maior idade. No caso das persoas maiores de 65 anos a diferenza no uso do teléfono móbil entre homes e mulleres sitúase preto dos 30 puntos porcentuais.




Gráfico 8: Indicador da fenda dixital de xénero no uso da telefonía móbil en Galicia nos últimos tres meses por idades.

Fonte: Elaboración propia do OSIMGA a partir dos datos INE 2012.

Dende o ano 2010 o uso da telefonía incrementouse gradualmente por parte dos homes e das mulleres, pero a porcentaxe de uso foi maior por parte do colectivo masculino, acentuándose a fenda de xénero. A porcentaxe de mulleres que utilizaron o móbil nos últimos tres meses non supera o 90% mentres que nos homes acada o 95,3%. Identifícase unha redución da fenda de xénero en relación ao ano 2011.




Gráfico 9: Evolución do indicador sobre uso da telefonía móbil en Galicia.
Fonte: Elaboración propia do OSIMGA a partir dos datos INE 2012.



2. AS MULLERES NAS EMPRESAS DE GALICIA

- **Identifícase unha baixa representatividade do colectivo feminino nas áreas de dirección das empresas galegas.**
- **As mulleres desenvolven principalmente funcións administrativas.**
- **As desigualdades de xénero acentúanse nas empresas de 10 ou máis traballadores, onde as mulleres contan cunha menor representación no cadro de persoal e unha menor formación académica en relación aos homes.**
- **Dende o ano 2010 a porcentaxe de mulleres que desenvolven funcións TIC nas empresas de 10 ou mais traballadores incrementouse 3,5 puntos, pasando do 18,8% ao 22,3% de 2012.**

No segundo punto analízase da representatividade do colectivo feminino nas empresas de Galicia. Os datos correspóndense cos resultados da Enquisa a Empresas sobre a Sociedade da Información elaborada OSIMGA, co obxectivo de avaliar o uso das TIC e do comercio electrónico no sector empresarial no ano 2012.

2.1 ESTRUCTURA DO PERSOAL

En relación ás desigualdades de xénero nas empresas galegas identifícase unha clara masculinización, lixeiramente máis elevada nas de maior tamaño. Nas empresas de 0 a 9 traballadores/as os homes representan o 69,3% do cadro de persoal, mentres que as mulleres o 30,7%. No ano 2010 as mulleres representaban o 27,1%, incrementando así a súa presenza en 3,6 puntos no 2012.




Gráfico 10: Distribución do persoal nas empresas de 0 a 9 traballadores/as.

Fonte: OSIMGA 2012.

Nas empresas de 10 ou máis traballadores/as o 72,9% do seu cadro de persoal está constituído por homes e o 27,1% por mulleres. No ano 2010 a porcentaxe de mulleres situábase no 32,5% polo que, a diferenza das microempresas, reduciron a súa presenza nas empresas de 10 ou máis traballadores.




Gráfico 11: Distribución do persoal nas empresas de 10 ou máis traballadores/as.

Fonte: OSIMGA 2012.

2.2 FUNCÍONS NA EMPRESA

As funcións que realizan maioritariamente as mulleres nas microempresas galegas están relacionadas coas tarefas de administración (66,4%), onde mesmo duplican a porcentaxe de homes (33,6%). Nas funcións de dirección a representatividade das mulleres é moi baixa (27,7%) en relación aos homes (72,3%). Entre o persoal técnico e o resto de persoal o colectivo feminino non supera o 25%. Este indicador demostra a existencia dun infrarepresentación das mulleres en postos directivos e de toma de decisións, do mesmo xeito que acontece a nivel estatal e europeo.

Funcións na empresa (0-9 traballadores/as)	2012	
	Mulleres (%)	Homes (%)
Dirección	27,7	72,3
Persoal técnico	20,6	79,4
Persoal de administración	66,4	33,6
Outro tipo de persoal	25	75

Cadro 3: Distribución do persoal empregado por funcións nas empresas de 0 a 9 máis traballadores/as.

Fonte: OSIMGA 2012.




Gráfico 12: Distribución do persoal en funcións de dirección nas empresas de 0 a 9 máis traballadores/as.

Fonte: OSIMGA 2012.

Nas empresas de 10 ou máis traballadores/as a presenza feminina tamén se concentra nas tarefas administrativas (o 54,7% son mulleres e o 45,3% homes), sendo os postos de dirección e de persoal técnico onde a porcentaxe de mulleres é moi inferior á dos homes. Nas empresas de 10 ou máis traballadores a porcentaxe de mulleres é menor que nas microempresas.

Funcións na empresa (10 ou máis traballadores/as)	2012	
	Mulleres (%)	Homes (%)
Dirección	20,7	79,3
Persoal técnico	21,4	78,6
Persoal de administración	54,7	45,3
Outro tipo de persoal	24,6	75,4

Cadro 4: Distribución do persoal empregado por funcións nas empresas de 10 ou máis traballadores/as.

Fonte: OSIMGA 2012.




Gráfico 13: Distribución do persoal en funcións de dirección nas empresas de 10 ou máis traballadores/as.

Fonte: OSIMGA 2012.

2.3 FORMACIÓN DAS TRABALLADORAS

A formación das mulleres nas microempresas é semellante á dos homes nas titulacións superiores e medias, o que demostra a súa cualificación académica e profesional. Por outra banda, a presenza de mulleres con ciclos formativos ou estudos secundarios e primarios é moi baixa en relación aos homes.

Titulacións (0-9 traballadores/as)	2012	
	Mulleres	Homes
Titulación Superior (Licenciaturas, enxeñarías...)	47,1	52,9
Titulación Media (Diplomaturas, enxeñarías técnicas...)	48,1	51,9
Ciclos formativos de grao superior ou FPII	36,5	63,5
Ciclos formativos de grao medio ou FPI	30,2	69,8
Estudos secundarios (ESO, Bacharelato)	33,2	66,8
Estudos primarios	19,2	80,8
Sen estudos	24,5	75,5
Descoñece a titulación	28	72

Cadro 5: Distribución do persoal empregado nas empresas de 0 a 9 traballadores/as segundo titulación.

Fonte: OSIMGA 2012.

Nas empresas de 10 ou máis traballadores identifícase unha menor presenza de mulleres con titulacións superiores e medias en relación ás microempresas. En termos xerais as grandes empresas contan cunha menor representación feminina no seu cadro de persoal e unha menor formación académica das mulleres en relación aos homes, así como unha menor presenza das mulleres en postos directivos e de toma de decisións.

Titulacións (10 ou máis traballadores/as)	2012	
	Mulleres	Homes
Titulación Superior (Licenciaturas, enxeñaría...)	35,4	64,6
Titulación Media (Diplomaturas, enxeñaría técnica...)	35,7	64,3
Ciclos formativos de grao superior ou FPII	29,7	70,3
Ciclos formativos de grao medio ou FPI	14	86
Estudos secundarios (ESO, Bacharelato)	30,6	69,4
Estudos primarios	23,8	76,2
Sen estudos	11,9	88,1
Descoñece a titulación	27,2	72,8

Cadro 6: Distribución do persoal empregado nas empresas de 10 ou máis traballadores/as segundo titulación.

Fonte: OSIMGA 2012.

2.4 PERSOAL TIC

No tocante ao persoal dedicado ás TIC identifícase que o 3,9% das microempresas e o 16,4% das empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as contan con persoal propio ocupado nas tecnoloxías da información. A distribución por xénero dos traballadores/as con funcións TIC nas empresas amosa unha elevada masculinización respecto doutras funcións nas empresas galegas. Neste senso, o 77,7% dos traballadores que desenvolven funcións TIC nas empresas de 10 ou máis asalariados son homes fronte ao 22,3% de mulleres. Nas microempresas non resulta representativo desagregar este dato de xénero debido á limitada presenza de traballadores/as TIC, pois só o 3,9% delas conta con persoal propio dedicado ás TIC.

Dende o ano 2010 a porcentaxe de mulleres que desenvolven funcións TIC nas empresas de 10 ou máis traballadores incrementouse 3,5 puntos, pasando do 18,8% ao 22,3% de 2012.




Gráfico 14: Distribución do persoal TIC nas empresas de 10 ou máis traballadores/as.

Fonte: OSIMGA 2010.




Gráfico 15: Distribución do persoal TIC nas empresas de 10 ou máis traballadores/as.

Fonte: OSIMGA 2012.



3. AS MULLERES NAS EMPRESAS DO SECTOR TIC DE GALICIA

- No sector TIC traballan 5.877 mulleres e 9.607 homes, o que se traduce nunha proporción do 38% e o 62% respectivamente.
- Os homes teñen maior presenza en todos os postos das empresas TIC, agás nos administrativos, que contan cunha maior presenza feminina.
- Un 11,4% das traballadoras do sector TIC posúe unha titulación específica de grao superior ou medio fronte ao 26,7% de homes.
- No persoal dedicado a I+D+i nas empresas TIC galegas, un 81,6% son homes e o 18,4% mulleres.
- En relación ao ano 2010, a porcentaxe de mulleres nas tarefas de I+D+i nas empresas TIC incrementou 1,3 puntos.

Neste terceiro punto realizarase unha análise da representatividade do colectivo feminino nas empresas do sector TIC. Os datos achegados polo OSIMGA corresponden á enquisa realizada a Empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia no ano 2012.

3.1 ESTRUCTURA DO PERSOAL

O avance dos datos facilitados polo IGE correspondentes a xuño de 2012 indica que o nivel de emprego do sector TIC supera os 15.000 traballadores/as. A evolución interanual do emprego no sector mostra unha tendencia de equilibrio durante os últimos catro anos, identificándose un lixeiro retroceso no cómputo total de traballadores/as que, a diferenza doutros sectores, resiste mellor a situación de crise económica.




Gráfico 16: Evolución do número de traballadores/as do sector TIC en Galicia.

Fonte: Elaboración propia do OSIMGA a partir dos datos IGE (2010 – 2012).

As mulleres manteñen unha situación de infrarrepresentación nas empresas TIC. En xuño de 2012, no sector TIC traballaban 5.877 mulleres fronte a 9.607 homes por conta allea, o que se traduce nunhas porcentaxes do 38% de mulleres fronte ao 62% de homes. Esta proporción é moi semellante á do ano 2011 (38,6% de mulleres e 61,2% de homes), pero lixeiramente inferior.




Gráfico 17: Volume de emprego no sector TIC.

Fonte: Elaboración propia do OSIMGA a partir dos datos IGE (xuño 2012).

3.2 FUNCÍONS NA EMPRESA

Atendendo á súa función na empresa, o 70,2% dos traballadores deste sector dedícase a tarefas TIC, encargándose principalmente de traballos informáticos. Esta función ocupa a máis da metade dos traballadores do sector (o 51,2%). Identifícase unha desigualdade de xénero nos postos directivos, cun 3% de homes en relación ao 0,7% de mulleres no total de traballadores/as, o que evidencia a baixa representatividade do colectivo feminino en postos directivos e de toma de decisións.

A fenda de xénero no persoal dedicado a tarefas TIC supera os 35 puntos porcentuais, cun 52,9% dos homes en relación ao 17,3% das mulleres. Pola contra, no persoal dedicado a tarefas administrativas ou de xestión a porcentaxe de mulleres (co 13,9%) supera en case 2 puntos á dos homes (12,1).

FUNCIÓN DOS TRABALLADORES/AS	2012		Total
	Mulleres (%)	Homes (%)	
Dirección	0,7	3	3,7
PERSOAL DEDICADO A TAREFAS TIC	17,3	52,9	70,2
Redes e telecomunicacións	1,9	9,1	11
Informática	12,9	38,3	51,2
Electrónica	0,2	1,9	2,1
Outros postos relacionados coas TIC	2,3	3,6	5,9
PERSOAL NON DEDICADO A TAREFAS TIC	12,1	13,9	26
Administración	5,1	2,2	7,2
Deseño, contidos e comunicacións	2,5	3,4	5,9
Comercial e marketing	1,2	3,4	4,7
Outros postos non TIC	3,3	5	8,2

Cadro 11: Distribución das funcións dos traballadores/as nas empresas TIC.

Fonte: OSIMGA 2012.

3.3 FORMACIÓN DAS TRABALLADORAS

A formación dos homes nas empresas do sector TIC é máis específica que a das mulleres. Mentres que o 26,7% dos homes posúen unha formación específica en TIC de grao medio ou superior, só o 11,4% das mulleres están na mesma situación competitiva en canto á formación.




Gráfico 18: Taxa de formación media ou superior específica en TIC's.

Fonte: OSIMGA 2012.

Entre os traballadores/as das empresas TIC identifícase un nivel académico de formación ou especialización máis elevado entre o colectivo masculino en relación ao colectivo feminino. Neste senso, un 19,4% dos traballadores (homes) dispoñen dunha titulación TIC Superior mentres que 8,9% das traballadores (mulleres) dispoñen desta categoría académica. Esta desigualdade tamén se identifica no caso das titulacións medias, onde a fenda de xénero é incluso maior, cun 7,3% dos homes en relación ao 2,5% das mulleres. Tamén acontece o mesmo nos ciclos formativos e noutras titulacións non TIC, que se corresponde cos datos achegados polas tres universidades galegas no tocante ao número de alumnos matriculados en cada especialidade.

TITULACIÓNS	2012		Total
	Mulleres (%)	Homes (%)	
Titulación TIC Superior (Enxeñaría, Informática, Física ou similar)	8,9	19,4	28,3
Titulación TIC Media (Enxeñaría técnica en Informática ou similar)	2,5	7,3	9,9
Ciclos formativos superiores no ámbito TIC	8,6	6,7	15,3
Ciclos formativos medios no ámbito TIC	4,2	14,3	18,5
Titulacións superiores ou medias non TIC	0,8	2,6	3,4
Outras	5,1	10,1	15,2
Descoñece a titulación	3,2	19,4	9,5

Cadro 12: Distribución porcentual das titulacións de traballadores/as das empresas TIC.

Fonte: OSIMGA 2012.

A explicación da fenda de xénero no sector TIC atópase na análise dos datos sobre a formación achegados polo SUG para a Unidade de Muller e Ciencia no período 1996 – 2010. Neste último ano as tres universidades galegas presentaban un importante desequilibrio na porcentaxe de mulleres e homes matriculados nas ensinanzas técnicas relacionadas coas telecomunicacións, a informática e a Sociedade da Información. Na Universidade da Coruña, o número de alumnas en Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas foi do 11,9% fronte a un 88,1% de homes. Na Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión, as mulleres representan o 26,4% do alumnado en relación ao 73,6% dos homes. O mesmo acontece no grao de Enxeñaría en Informática, cun 14,6% de mulleres e un 85,4% de homes matriculados.

Na Universidade de Santiago de Compostela no ano 2010 matriculáronse en Enxeñaría Informática de Sistemas/Grao en Enxeñaría Informática un 14,6% de mulleres e relación a un 85,4% de homes.

No ano 2010 a Universidade de Vigo contaba con varias ensinanzas técnicas especializadas nas telecomunicacións e a informática, nas que tamén se identificaba o mesmo desequilibrio entre homes e mulleres. Deste xeito, a porcentaxe de alumnas nas enxeñerías de telecomunicacións non superou o 30% dende o ano 1996. No caso das enxeñerías de informática a porcentaxe de alumnas no ano 2010 foi inferior ao 20%. Esta desigualdade mostra

TITULACIÓNS	SUG 2010	
	Mulleres (%)	Homes (%)
Enx. Téc. Informática de Sistemas (UDC)	11,9	88,1
Enx. Téc. Informática de Xestión (UDC)	26,4	73,6
Enx. Téc. en Informática/Grao Informática (UDC e USC)	14,6	85,4
Enx. Téc. De Telecomunicación/Grao Enx. De Tecnoloxías de Telecomunicación (UVI)	25,4	74,6
Enx. De Telecomunicación (UVI)	27,9	72,1
Enx. Téc. en Informática/Grao Informática (UVI)	19,3	80,7
Enx. Téc. Informática de Xestión (UVI)	19,4	80,6

Cadro 13: Porcentaxe de homes e mulleres en titulacións de Ensinanzas Técnicas no SUG.

Fonte: Elaboración propia en base á información aportada polas universidades (2010).

3.4 AS MULLERES NA I+D+i DAS EMPRESAS TIC

As empresas TIC teñen como media 1,17 traballadores/as que se dedican a tarefas relacionadas con I+D+i, sendo a grande maioría varóns. Neste senso, do total do persoal dedicado a I+D+i nas empresas TIC galegas, un 81,6% son homes e o restante 18,4% son mulleres, o que amosa unha clara masculinización desta actividade no sector TIC. En relación ao ano 2010, a porcentaxe de mulleres nas tarefas de I+D+i nas empresas TIC incrementou 1,3 puntos, pasando do 17,1% ao 18,4% de 2012.




Gráfico 19: Distribución porcentual de traballadores/as na I+D+i no sector TIC.

Fonte: OSIMGA 2010.




Gráfico 20: Distribución porcentual de trabajadores/as na I+D+i no sector TIC.

Fonte: OSIMGA 2012.



PROPOSTAS DE ACTUACIÓN

De seguido achéganse as propostas en materia de igualdade nas TIC recollidas no **Plano do goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes e na Axenda Dixital 2014.gal** referidas á participación e o empoderamento das mulleres na Sociedade da Información, na procura de **diminuír a fenda dixital de xénero** e garantir o acceso ás TIC das mulleres de cara á súa incorporación ao mercado laboral, especialmente nos pequenos núcleos de poboación e no medio rural:

- Procurar que a **rede de comunicacións** de telefonía fixa, móbil e cable, chegue ao maior número de fogares monoparentais encabezados por mulleres e ás empresas dirixidas por mulleres, a través do desenvolvemento do Plan de Banda Larga e das subvencións para a conexión a Internet vía satélite nos lugares con maiores dificultades de cobertura.
- Divulgar e levar a cabo **programas formativos** orientados a mulleres e asociacións de mulleres, establecendo accións formativas que incentiven unha maior participación das mulleres nas ensinanzas técnicas relacionadas coas TIC e na I+D+i.
- Desenvolver **campañas de divulgación** que faciliten o acceso e mellora da situación laboral das mulleres e das asociacións de mulleres, especialmente nos postos directivos e de toma de decisións.
- Potenciar o **Centro Demostrador TIC** de Galicia como espazo de emprendemento para que as mulleres poidan desenvolver proxectos empresariais e tecnolóxicos.

- Fomentar a **Rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica** (Cemit) para impulsar as TIC e a Sociedade da Información entre as mulleres, con especial sensibilidade cara o colectivo feminino e as persoas maiores no medio rural.



- AGUILAR, Teresa (2007). *Ciberfeminismo y ecofeminismo*, Germinal, vol. 3 Abril, 2007.
- BARKER, Lecia. J., Y ASPRAY, William. (2006). "The state of research on girls and IT". En J. M. Cohoon & W. Aspray (Eds.), *Women and information technology*, págs. 3–54. Cambridge, MA: MIT Press.
- BIMBER, Bruce (2000) "Measuring the Gender Gap on the Internet" *Social Science Quarterly*, Vol. 81, Nº 3, Septiembre
- BONDER, Gloria (2004), "Mujeres en la ruta hacia la sociedad del conocimiento: reflexiones sobre contextos y oportunidades", Cátedra Regional UNESCO Mujer, Ciencia y Tecnología en América Latina
- CASTAÑO, Cecilia (2008). *La segunda brecha digital*. Ediciones Cátedra, Universidad de Valencia. Instituto de la Mujer
- CASTAÑO, Cecilia (2008b) "Nuevas tecnologías y género. La segunda brecha digital y las mujeres". *Revista TELOS*, Nº 75, 2008
- CASTELLS, Manuel (2001). *La era de la información: economía, sociedad y cultura. La sociedad red*. 2ª ed. Madrid: Alianza Editorial, 2001.
- COLLEY, Ann; MALTBY, John (2008) "Impact of the Internet on our lives: Male and female personal perspectives". *Computers in Human Behavior*, vol. 24, Nº 5, septiembre, pp. 2005-2013
- COOPER, Joel (2006). "The digital divide: the special case of gender". *Journal of Computer Assisted Learning*, vol. 22, Nº 5, septiembre, pp. 320 – 334
- FAULKNER, Wendy (2001): "The technology question in feminism: a view from feminist technology studies". *En Women's Studies International Forum*, Vol. 24, No. 1, pp. 79–95
- GIL-JUÁREZ, A.; VITORES, A.; FELIU, J.; VALL-LLOVERA, M. (2011): "Brecha Digital de Género: una revisión y una propuesta". En *Teoría de la Educación. Educación y Cultura en la Sociedad de la Información*. UNIVERSIDAD DE SALAMANCA, 123 (2), PP. 25-53
- HARAWAY, Donna. *Ciencia, cyborgs y mujeres. La reinención de la naturaleza*. Ediciones Cátedra, 1995

HARDING, S., *Ciencia y Feminismo*, Madrid, Morata, 1996.

HUYER, Sophia; HAFKIN, Nancy.; ERTL, Heidi y DRYBURGH, Heather. (2005): «Women in the information society», en G. Sciadas (ed.), *From the Digital Divide to Digital Opportunities: Measuring Infostates for Development*, pp. 135-196.

KENNEDY, T., WELLMAN, B. & KLEMENT, K. (2003). "Gendering the Digital Divide. IT & Society", Vol. 1, Nº 5, 2003, pp. 149-172.

KRAMARAE, Cheris (2003). "Ficciones feministas de tecnología futura", en *Cibersociedad 2.0. Una nueva visita a la comunidad y la comunicación mediada por ordenador*. Steven G. Jones (Editor), editorial UOC, pp. 115-142, Barcelona

LABRIANIDIS, L. y KALOGERESSIS, T.: "The digital divide in Europe's rural enterprises". *European Planning Studies*, 14:1, 2006, pp. 23-39

POSE, C. (2012): *Género y nuevas tecnologías de la Información y la Comunicación. Fundamentos teóricos y estudio de casos*, Tesis Doctoral pendiente de publicación, Universidade de Santiago de Compostela.

ROCHA, Custódia (2009) "Políticas de Género e Tecnologias de Informação e Comunicação: Da Sociedade do Conhecimento à Economia do Conhecimento", RISTI - Revista Ibérica de Sistemas e Tecnologias de Informação, 3: 1 - 11.

SOKER, Zeev (2005): "Age, gender, ethnicity and the digital divide: University students' use of web based instruction". *Electronic Journal of Sociology*, ISSN: 1198 3655

VAN DER VEKEN, M. Y HERNÁNDEZ ZUBIZARRETA, I. (1989): *Mujeres, tecnología y desarrollo*. Ministerio de Asuntos Sociales. Instituto de la Mujer. Madrid. Pp.175

WAJCMAN, Judy (2007). "From women and technology to gendered technoscience". *Information, Communication and Society*, vol. 10, Nº 3, Junio 2007, pp. 287-298

WAJCMAN, Judy (2006). *El Tecnofeminismo*. Ediciones Cátedra. Madrid. ISBN 8437623170

WASSERMAN, Ira M; RICHMOND-ABBOT, Marie (2005). "Gender and the Internet: Causes of Variation in Access, Level and Scope of Use". *Social Science Quarterly*, Vol. 86, No. 1. Marzo, 252.

WYATT, Sally (2008). "Feminismo, Technology and the Information Society Learning from the past, imagining the future". *Information, Communication & Society*, 11:1, Pp. 111-130

NOTA: As referencias aos documentos ou informes institucionais indícanse ao pé de páxina co correspondente enlace.



ÍNDICE DE FIGURAS

Cadro 1: Indicadores da fenda dixital de xénero en España. p. 15

Cadro 2: Indicadores da fenda dixital de xénero en Galicia. p. 15

Cadro 3: Distribución do persoal empregado por funcións nas empresas de 0 a 9 máis traballadores/as. p. 28

Cadro 4: Distribución do persoal empregado por funcións nas empresas de 10 ou máis traballadores/as.p. 29

Cadro 5: Distribución do persoal empregado nas empresas de 0 a 9 traballadores/as segundo titulación. p. 30

Cadro 6: Distribución do persoal empregado nas empresas de 10 ou máis traballadores/as segundo titulación.p. 31

Cadro 7: Porcentaxe de empresas que contan con mulleres no seu persoal.p.

Cadro 8: Porcentaxe de empresas que contan con mulleres no seu persoal de dirección.p.

Cadro 9: Porcentaxe de empresas que contan con mulleres no seu persoal técnico. p.

Cadro 10: Porcentaxe de empresas que contan con mulleres no seu persoal administrativo.p.

Cadro 11: Distribución das funcións dos traballadores/as nas empresas TIC. p. 36

Cadro 12: Distribución porcentual das titulacións de traballadores/as das empresas TIC. p. 38

Cadro 13: Porcentaxe de homes e mulleres en titulacións de Ensinanzas Técnicas no SUG. p. 39

Gráfico 1: A fenda dixital de xénero en Galicia e España. p. 16

Gráfico 2: Indicador da fenda dixital de xénero no uso do ordenador en Galicia nos últimos tres meses. p. 17

Gráfico 3: Evolución do indicador sobre uso do ordenador en Galicia. p. 18

Gráfico 4: Indicador da fenda dixital de xénero no uso de Internet en Galicia nos últimos tres meses. p. 19

Gráfico 5: Evolución do indicador sobre uso de Internet en Galicia. p. 20

Gráfico 6: Indicador da fenda dixital de xénero no uso do comercio electrónico en Galicia nos últimos tres meses. p. 21

Gráfico 7: Evolución do indicador sobre uso do comercio electrónico en Galicia. p. 22

Gráfico 8: Indicador da fenda dixital de xénero no uso da telefonía móbil en Galicia nos últimos tres meses. p. 23

Gráfico 9: Evolución do indicador sobre uso da telefonía móbil en Galicia. p. 24

Gráfico 10: Distribución do persoal nas empresas de 0 a 9 traballadores/as. p. 26

Gráfico 11: Distribución do persoal nas empresas de 10 ou máis traballadores/as. p. 27

Gráfico 12: Distribución do persoal en funcións de dirección nas empresas de 0 a 9 máis traballadores/as. p. 28

Gráfico 13: Distribución do persoal en funcións de dirección nas empresas de 10 ou máis traballadores/as. p. 29

Gráfico 14: Distribución do persoal TIC nas empresas de 10 ou máis traballadores/as. p.32

Gráfico 15: Distribución do persoal TIC nas empresas de 10 ou máis traballadores/as. p. 32

Gráfico 16: Evolución do número de traballadores/as do sector TIC en Galicia. p. 34

Gráfico 17: Volume de emprego no sector TIC. p. 35

Gráfico 18: Taxa de formación media ou superior específica en TIC's. p. 37

Gráfico 19: Distribución porcentual de traballadores/as na I+D+i no sector TIC. p.40

Gráfico 20: Distribución porcentual de traballadores/as na I+D+i no sector TIC. p. 41

